

«WITH GALICIA FROM OUTSIDE GALICIA»: NOVAS APROXIMACIÓN DOS *GALICIAN STUDIES*

Benita Sampedro Vizcaya e José A. Losada Montero (2017).
Rerouting Galician Studies. Multidisciplinary Interventions
(Londres: Palgrave Macmillan)

Que implica facer *Galician Studies* dende fóra de Galicia? Que comporta aproximarse a Galicia dende o eido dos *Transatlantic Studies* ou dos *Transnational Studies*? O libro editado por Benita Sampedro Vizcaya e José A. Losada Montero non responde directamente a estas preguntas, pero si convida a reflexionar sobre estas cuestións nada menos se se ten en conta o crecemento dos estudos que adoptan estas perspectivas sobre Galicia elaborados dende a academia anglosaxona, como son o volume de Kirsty Hooper e Manuel Puga (2011) ou o de Helena Miguélez-Carballeira (2014). *Rerouting Galician Studies* pénsase como unha compilación de intervencións transatlánticas, transnacionais e multidisciplinares onde Galicia é o centro da análise, vista dende diferentes aproximacións teóricas (p. vi). A palabra «rerouting» (desvío, redirección) fai referencia, en parte, á propia localización das autoras das contribucións, situadas en diferentes cidades de USA, Canadá, UK e Nova Zelandia, e tamén á intención de reconectar con Galicia dende fóra de Galicia (p. vii). Para as autoras desde volume Galicia non é unha entidade esencial ou inmóbil á que achegarse dende un só lugar, senón un obxecto de estudo que entra en diálogo con outras tradicións, outras linguas e outras nacións.

O libro está composto por vinte e un capítulos divididos en cinco partes. A primeira sección titulada «Frames» (marcos) contén cinco contribucións que reflexionan sobre o impacto que as tendencias dos estudos culturais da academia anglosaxona poden exercer na reconceptualización dos estudos galegos. Nestes capítulos cuestiónase o que pode supoñer a aplicación de enfoques nados nun contexto tan particular como

é o de USA, ao contexto dunha nación periférica como a galega. Aquí atopamos unha lectura atenta do clásico de Paul Gilroy, *Black Atlantic* (1995) á luz da obra de Castelao *Sempre en Galiza* (1944) que invita a poñer en dúbida a interpretación que a crítica fai do concepto de «nacionalismo» na obra de Gilroy. Tamén se analiza a forma en que certos conceptos e perspectivas teóricas actuais do mundo inglés poden abrir campos pouco explorados nas investigacións culturais sobre Galicia: os estudos *queer* interróganse sobre a forma en que as identidades non heteropatriarcais definen a relación co espazo e o estado; as «culturas da natureza» reinterpretan a interrelación entre humanos e o mundo dos non humanos e iluminan diferentes aspectos das políticas ecolóxicas galegas durante o franquismo; a hidropoética revisita o imaxinario marítimo galego para contrastar o predominio xeocultural que impuxo a visión centralista de España.

A segunda parte do volume, «Routes» (rutas) pivota sobre a conceptualización dos espazos galegos e de como Galicia se conceptualiza dende diferentes espazos, como pode ser o espazo da disciplina filolóxica ou o Bos Aires dos exiliados. Ábrese cunha análise sobre a produción do espazo «terra» á luz das teorías do filósofo Henri Lefebvre. Nesta sección atopamos capítulos que estudan lugares nos que se encontran imbricadas as políticas turísticas, coas políticas da memoria histórica e as cuestións identitarias, como son a Illa de San Simón —antigo cárcere durante a Guerra Civil e os primeiros anos do franquismo— ou o Camiño de Santiago. Destaca tamén o estudo que percorre a traxectoria do académico Xoán González Millán en USA con especial atención ó seu interese nos procesos de apropiación do pasado galego, que dialoga cos proxectos dos exiliados Luís Seoane e Ramón Valenzuela. O apartado final cuestiona as loitas de poder que hai detrás da formación de sistemas culturais nacionais, centrais e periféricos, con énfase na repercusión que estas políticas de selección poden ter para os estudos galegos de fóra de Galicia.

En «Readings» (lecturas, interpretacións) encádranse catro capítulos que afondan sobre o imaxinario de Galicia. Dende unha perspectiva postcolonial e en clave psicoanalítica, estúdase a figura de Manuel Fra-

ga como significante-mestre regulador da orde simbólica de Galicia: relaciónase os erros actuais da política de esquerdas co rexeitamento a enfrontarse criticamente á produción de Fraga e ao que supuxo en canto á «afectivización» da política. Nesta sección atópanse tamén unha lectura de Castelao en clave poscolonial —que permite establecer relacións con determinadas prácticas neocoloniais do nacionalismo cultural contemporáneo—, unha interpretación de *O incerto señor don Hamlet* á luz do «inconsciente ideolóxico» de Cunqueiro, e unha análise en clave de loita de poder e capital simbólico das interferencias do castelán no acento galego representado na TV.

O cuarto apartado, titulado «Teachings» (ensinos) é quizais o máis orixinal da compilación en canto trata un tema pouco abordado neste tipo de obras que resulta de carácter central para os estudos galegos feitos dende o estranxeiro: como ensinar *Galician Studies* a estudantes para as que, nun principio, Galicia é unha realidade allea? Nesta sección establécense puntos de conexión entre o contexto galego e o estadounidense a través da etnografía, os estudos de fronteira e migración, e o bilingüismo. O último capítulo de «Teachings» reflexiona sobre as maneiras nas que a figura de Rosalía de Castro é representada en dúas producións dirixidas ao público infantil e cuestiónase quen pode lexitimar o capital simbólico de Rosalía e que estereotipo de muller se segue a perpetuar na súa evocación.

A última sección da compilación titúlase «Visualities» (visualidades) e nela analízanse diferentes producións culturais dentro do xénero visual. O primeiro capítulo estuda a especificidade de dous documentais actuais que constrúen unha temporalidade non tradicional, o que permite a representación dunha memoria cultural do presente situada no marco do «rexionalismo crítico». Outro apartado está centrado na animación dixital de Galicia, unha das áreas do audiovisual que emerxeu no país nos últimos anos. Concretamente estúdase o caso de dúas produtoras galegas cuxos filmes acadaron gran proxección no estranxeiro e cuestiónase cal é a imaxe e os estereotipos de Galicia que se exportan á arena global. A seguinte colaboración reflexiona sobre a desmitificación de Galicia e da vida campesiña a través da influencia da obra e da figu-

ra de Vincent van Gogh na traxectoria literaria de Manuel Rivas. Por último, o capítulo que da peche ó libro ocúpase de trazar a historia da fábrica de cerámicas Sargadelos, dende a súa orixe no século dezanove ata a actualidade. O Laboratorio de formas, antecedente de Sargadelos, é un exemplo de proxecto transatlántico: naceu no Bos Aires da emigración e o exilio galego como unha forma de restauración da memoria histórica, a lingua e a cultura que se perderan na ditadura.

Con este volume, Benita Sampedro e José A. Losada Montero presentan uns *Galician Studies* que non teñen unha definición única, senón que se enfocan dende a pluralidade e a constante interrogación. O destacado deste proxecto é que dende diferentes disciplinas e distintos espazos, estes estudos enfróntanse co fenómeno cultural galego como a realidade complexa e inestable que é. Porque é dende eses lugares «en que os océanos e a terra se tocan, onde hai interaccións de mundos diferentes», como di a cita de María Reimóndez incluída no prólogo, dende os que convén pensar.

LORENA PAZ LÓPEZ
The Graduate Center, CUNY
lpazlopez@gradcenter.cuny.edu